

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****SALCEDA DE CASELAS****Ordenanzas e Regulamentos***MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES***APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 21
REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)**

En sesión plenaria ordinaria celebrada o 22 de decembro de 2017, Pleno do Concello de Salceda de Caselas aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 21 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles do Concello de Salceda de Caselas.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), someteuse o expediente a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 23 do 1 de febreiro de 2018, e máis no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, para o seu exame e presentación de reclamacións e alegacións.

Ao non terse presentado ningún tipo de reclamación ou alegación a Ordenanza enténdese definitivamente aprobada, publicándose para o seu xeral coñecemento o texto íntegro da mesma; entrando en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no BOP e así que transcorra o prazo de 15 días hábiles ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De conformidade co establecido nos artigos 10, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e 107.3 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, contra o presente acordo, os interesados unicamente poderán interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Para os efectos da súa entrada en vigor procédese á publicación dos artigos modificados:

**ORDENANZA FISCAL Nº 21
REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES****Artigo 2**

- **2.1 'Tipo de gravame:** Acordado en base ao establecido no art. 72 do RDL2/2004:
Bens urbanos: 0.50°/o.
Bens rústicos: 0.40°/o.



Venres, 13 de abril de 2018

Núm. 72

- **2.2: Establécese como "tipo diferenciado"** na contía do 0,40% a todos os inmobles cualificados pola Dirección Xeral do Catastro con clave: AAL e cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000,00 euros.

Artigo 3

Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmueble de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estean empadroados, sempre que o seu valor catastral non supere os 55.000,00 euros e que ademais o membros da unidade de convivencia non consten como titulares de outros inmobles (en calquera municipio) cuxo valor catastral (individualizado por inmueble) non supere os 11.000,00 euros.”

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e surtindo efectos dende o 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Documento asinado electronicamente.

